



TELEVISIÓN DE GALICIA

<http://www.crtvg.es/informativos/natureza-e-arqueoloxia-nas-illas-de-santa-comba-de-covas-en-ferrol-664542>

Natureza e arqueoloxía nas illas de Santa Comba de Covas, en Ferrol

Telexornal Serán

Publicado o 17/09/2013 21:30



Cando a marea baixa os illotes son accesibles. Cando a marea sobe as tres porcións de terra quedan separadas por estreitos e profundos canais formando a illa de Fóra, a illa do Medio e a illa do Toxo. Son as Illas de Santa Comba de Covas, en Ferrol, unha paraxe integrada na rede natura 2000.

A ermida consagrada a Santa Comba preside este espazo natural que foi escenario na última década de importantes excavacións arqueolóxicas. Unhas excavacións que constataron a existencia ao redor da ermida de estruturas funerarias. E tamén se acharon restos dunha construción castrexa.

A sociedade cultural columba que preside Xosé López Hermida promoveu tódalas prospeccións realizadas na zona. Agora están a espera de que saian á luz os resultados da primeira prospección xeofísica das illas realizada coa colaboración do Consello Superior de Investigacións Científicas e da Universidade da Coruña. Resultados que se recollerán nunha nova publicación e que desvelarán, de seguro, máis pegadas da historia da costa ferrolá.

<http://www.crtvg.es/informativos/natureza-e-arqueoloxia-nas-illas-de-santa-comba-de-covas-en-ferrol-664542>